



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DÍA 6/11/2023, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

#### **ASISTENTES**

#### **PRESIDENCIA**

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (AdV)

#### **CONCELLEIROS**

#### **PARTIDO POPULAR (PP)**

INSUA LAGO, Luis Manuel  
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana  
TRABA FERNANDEZ, José Manuel  
SUAREZ SILVA, Jenifer  
CANOSA TRILLO, Manuel

#### **ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AdV)**

MARTINEZ TRABA, Francisco  
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

#### **PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG – PSOE)**

MARCOTE SUAREZ, José  
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

#### **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos

#### **SECRETARIO - INTERVENTOR**

VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 19:02 horas, do día 6/11/2023, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado polo Secretario - Interventor, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o

contido da seguinte

#### **ORDE DO DÍA**

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2022.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 2/2023.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 14/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS.

5º) PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA, SOBRE RETRIBUCIONS DOS CARGOS PUBLICOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

### **1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Intervén a Sra. Alcaldesa preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o día 5/10/2023, distribuída coa convocatoria.

Ao non facer uso da palabra ningún membro da corporación, a Sra. Alcaldesa somete a votación a proposta de aprobación da acta da sesión do Pleno da Corporación do 5/10/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2022.**

A acta da sesión que celebrou a comisión especial de contas o día 23 de agosto en 1ª convocatoria, tendo en conta o establecido no artigo 135 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das Entidades Locais, para valoración das comisións informativas, requírese a presenza da maioría absoluta dos compoñentes da comisión en 1ª convocatoria, un mínimo de 3 na 2ª convocatoria. Comprobado pola Secretaría Intervención que os reunidos constitúen un quórum suficiente, procédese ao estado da orde do día que contén o estudo prioritario da conta xeral para o exercicio 2022.

Vista a documentación que a integra considerando que formada e informada a devandita conta xeral pola Secretaría Intervención desta Corporación despréndese que a liquidación do orzamento exercicio 2022 ofrece o seguinte resultado:

|   |                       |
|---|-----------------------|
| <b>Dereitos recoñecidos Netos</b>   | <b>3.441.233,88 €</b> |
| <b>Obrigas recoñecidas Netas</b>  | <b>3.774.198,16 €</b> |
| <b>Resultado orzamentario</b>   | <b>-332.964,28 €</b>  |
| <b>Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais</b> | <b>461.084,54 €</b>   |
| <b>Desviacións de financiamento negativas</b>                                       | <b>93.605,99 €</b>    |
| <b>Desviacións de financiamento positivas</b>                                       | <b>27.669,19 €</b>    |
| <b>Total Axustes</b>  | <b>527.021,34 €</b>   |
| <b>Resultado Orzamentario Axustado</b>  | <b>194.057,06 €</b>   |

A 31 de decembro de 2022, de orzamentos pechados, queda un total de:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-Dezaoito mil cento cincuenta euros e oito céntimos (18.150,08 €) en concepto de obrigas pendentes de pago.

-Catrocentos catorce mil novecentos corenta e catro euros e catorce céntimos (414.944,14 €) en concepto de dereitos pendentes de cobro.

Non existen compromisos de gasto adquiridos con cargo a exercicios futuros.

Da acta de arqueo despréndese que:

-O estado da tesourería a 31/12/2022 ascende á contía de un millón oitocentos corenta e seis mil catrocentos setenta e nove euros e dous céntimos (1.846.479,02 €).

-Os ingresos do exercicio de 2022 tanto orzamentarios como non orzamentarios importan a contía de tres millóns oitocentos noventa e oito mil douscentos cincuenta euros e oito céntimos (3.898.250,08 €).

-Os pagos do exercicio de 2022 tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias importan a contía de catro millóns douscentos vinte e oito mil cento trinta e sete euros e oitenta e seis céntimos (4.228.137,86 €).

- A situación de existencias de tesourería a final do período de 2022, ascende á cantidade de un millón cincocentos dezaseis mil cincocentos noventa e un euros e vinte e catro céntimos (1.516.591,24 €).

O Estado de Débeda Pública reflexa que non existe ningunha operación de crédito nesta Corporación e examinados polos asistentes os documentos oportunos así como toda a documentación anexa esixida pola lexislación vixente **a Comisión Especial de Contas** por 2 votos a favor ( 1 PSdG, 1 BNG ), e 5 abstencións ( 3 Partido Popular, 2 Alternativa dos Veciños ), **ACORDA:**

**1º.-** Emitir Informe previo favorable sobre a Conta Xeral do Concello de Fisterra correspondente ao exercicio 2022 que consta dos seguintes documentos:

- Balance
- Conta do resultado económico patrimonial
- Estado de Cambios no patrimonio neto
- Estado de Fluxos do efectivo
- Estado de liquidación do orzamento
- Memoria



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º.- Ordenar que a referida conta xeral así como o informe emitido por esta Comisión sexan expostos ao público no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 15 días aos fins que durante ese prazo e 8 días máis aqueles que se consideren interesados poidan presentar reclamacións ou reparos que consideren convenientes.

Transcorrido o prazo de exposición ao público as reclamacións, reparos serán examinados pola Comisión previa práctica de tantas observacións como se consideren necesarias.

Unha vez aprobada a Conta Xeral polo Pleno da Corporación remitirase con toda a documentación íntegra á Fiscalización do Tribunal de Contas e ao órgano autonómico que corresponde tal e como se establece no artigo 212.3 da Lei de Bases Reguladoras das Facendas Locais.

Así mesmo consta no expediente certificación en cómo non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións á a Conta Xeral do exercicio 2022 do Concello de Fisterra.

A continuación intervén a Sra. Alcaldesa quen propón a votación, que queda como segue:

Votos a favor: 2 do PSdG e 1 BNG.

Abstencións: 5 Partido Popular, 3 Alternativa dos Veciños

### **3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 2/2023.**

A Comisión Informativa Permanente para asuntos xerais do Concello de Fisterra na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 30/10/2023 acordou:

1º.- Estudo do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2023.

Vista a existencia de obrigas económicas derivadas de operacións devengadas no exercicio 2022 e que se encontran pendentes de pago por imputación orzamentaria pertencente a exercicios pechados, (conta 413 de Acreedores por operacións pendentes de aplicar a orzamento) adquiridas no exercicio 2022 e cun importe que ascende á cantidade de catorce mil cento cincuenta e sete euros (14.157,00 €), tal e como se desprende da relación que se anexa a este expediente.

Visto que a obriga económica presúmese indebidamente adquirida por concorrer algún dos supostos que recolle o Tribunal de Contas nas clasificacións de obrigas indebidamente adquiridas.

Visto o informe emitido polo Secretario Interventor de data 23/10/2023 hai que solventar o reparao atendendo a que as prestacións foron realizadas evitando un prexuízo económico ao Concello polos xuros de demora.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Tendo en conta a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por facturas correspondentes ao exercicio 2022 onde non había crédito orzamentario para facer fronte ás mesmas que dan lugar ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito polas obrigas derivadas de gastos devengados en exercicio anterior con imputación orzamentaria que non foi posible.

Tendo en conta a aplicación da normativa da estabilización orzamentaria sobre morosidade;

Considerando o menor prexuízo económico ao Concello polo devengo de xuros de demora.

Considerando o informe de discrepancias de data 23/10/2023 así como a conformidade dada a Alcaldía polas facturas que se inclúen no expediente corroborando así a prestación dos servizos e subministracións.

Comprobada a existencia de crédito no orzamento actual xa sexa a nivel de vinculación orzamentaria ou xurídica.

Atendendo a antecedentes de feito e fundamentos de dereito, examinados polos asistentes os libros, documentos, e xustificantes oportunos; trala deliberación pertinente a **Comisión Informativa de Asuntos Xerais por 4 votos a favor ( 2 de Alternativa dos Veciños, 1 de PSdG, 1 BNG ) e 3 abstencións do grupo Popular acordan dictaminar favorablemente a seguinte proposta:**

**1º.-** Dar conformidade de acordo co artigo 217 da Lei de Réxime Xurídico das Facendas Locais ao reparo con efectos suspensivos formulado polo Interventor.

**2º.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito 2 /2023 dos créditos que se inclúe na seguinte relación de facturas por un importe total que ascende á cantidade de catorce mil cento cincuenta e sete euros (14.157,00 €), en concepto de facturas a nome de VIALINE GESTION S.L.

Aplicar con cargo ao exercicio 2023 os cargos dos créditos indicados na relación anterior.

Facultar á Sra. Alcaldesa para asinar os mandamentos contables para tal finalidade.

Procédese á votación aínda que xa foi sometida á Comisión.

A votación queda como segue:

Votos a favor: 3 de Alternativa dos Veciños, 2 PSdG, 1 BNG,

Abstencións : 5 do Partido Popular.

**4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 14/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS**



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Tendo en conta o disposto no art. 177 do R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 37 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en relación coa necesidade de levar a cabo gastos derivados dos proxectos e programas da Corporación que non poden ser demorados ata o próximo exercicio e para os cales non existe consignación no Orzamento vixente ou resulte insuficiente a das correspondentes partidas.

Visto o remanente de gastos xerais derivado da liquidación do exercicio 2022 positivo por un importe de 1.578.199,98 €.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito examinados polos asistentes: libros, documentos, informes que obran no expediente, trala deliberación pertinente a **Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais por 2 votos a favor de Alternativa dos Veciños, 5 abstencións ( 3 do Partido Popular, 1 de PSdG, 1 BNG ) ACORDA:**

-Dictaminar favorablemente a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 14/2023 por suplemento de crédito polo importe de 88.000 € co obxecto de proceder a afrontar gastos que non poden ser demorados ata o vindeiro exercicio para os cales as existentes aplicacións orzamentarias resultan insuficientes .

Somete a consideración do Pleno a modificación que de seguido se reflicte

### SUPLEMENTO DE CRÉDITO

| PROG | ECON   | SUPLEMENTO CREDITO |
|------|--------|--------------------|
| 132  | 151.00 | 5.000              |
| 231  | 227.06 | 15.000             |
| 231  | 625.00 | 5.000              |
| 334  | 226.09 | 60.000             |
| 920  | 151.00 | 3.000              |

### FONDOS DE FINANCIAMENTO

| APL. ORZ | CONCEPTO                                   | IMPORTE     |
|----------|--|-------------|
| 870.00   | Remanente de tesourería para gastos xerais | 88.000,00 € |
| TOTAL    |  | 88.000,00 € |



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

**2º.-** Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial no prazo de 15 días, durante o cal os interesados poderán presentar as reclamacións que serán resoltas polo Pleno no prazo de 1 mes; no caso de non se presentaren o prazo de exposición pública considérase definitivo o expediente de modificación de créditos 14/2023, entrando en vigor unha vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen propón a votación.

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar do grupo BNG quen manifesta:

“ Referente ao de Cultura hai un incremento de 60.000 €. Pódese saber para qué é, non estamos en contra pero si queremos saber.”

Intervén a Sra. Alcaldesa en resposta ao anterior quen manifesta:

“ Isto tratouse na Comisión e non teño o estudo de detalle aquí, pero facilitámosllo. Son incrementos adicionais tales como casetas de Nadal, arcos de luz. Hai máis programación que a vez pasada. A carroza de Nadal tamén custa máis.”

Procédese á votación que queda da seguinte maneira:

Votos a favor: 3 de Alternativa dos Veciños

Abstencións: 5 do PP, 2 de PSdG, 1 BNG

## **5º) PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA, SOBRE RETRIBUCIONS DOS CARGOS PUBLICOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:

“De conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; co establecido no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; así como da modificación introducida polo artigo 4 da Lei 9/1991, de 22 de marzo, pola que se modifican determinados artigos da Lei 25/1983, do 26 de decembro, de incompatibilidades de altos cargos; da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; da Lei de Contratos do Estado e da Lei 24/1988, de 28 de xullo, do mercado de valores.

Tendo en conta o que se establece na Lei 31/2022, do 31 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, na súa Disposición Adicional Vixésima sétima, de réxime retributivo dos membros das corporacións locais.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Atendendo aos antecedentes de feito, fundamentos de dereito examinados polos asistentes os documentos e informes obrantes no Expediente previa deliberación a Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais por 3 votos a favor ( 2 Alternativa dos Veciños, 1 BNG ), e 4 votos en contra ( 3 PP, e 1 PSdG ) acordan dictaminar desfavorablemente a seguinte proposta de acordo:

### **1º.- Conceder unha dedicación parcial de 95% a esta Alcaldía para desempeño e responsabilidade corporativa a partir do día de hoxe co seguinte importe**

| Habitantes    | Referencia BOE (100%) | Proposta 95% (14 pagas) | Proposta 95% (mensual) |
|---------------|-----------------------|-------------------------|------------------------|
| 1.000 a 5.000 | 46.464,02 €           | 44.140,81 €             | 3.152,91 €             |

Este importe será bruto, ao que se terá que descontar a porcentaxe do IRPF e cotas á seguridade social que correspondan.

Este importe anual, distribuirase en 12 pagas mensuais, e 2 pagas extraordinarias, que se percibirán nos meses de xuño e decembro.

### **Esta proposta terá carácter retroactivo desde a data 17/06/2023, na que foi proclamada alcaldesa do Concello de Fisterra.**

Intervén, a continuación, o Sr. Marcote do grupo PsdG quen manifesta:

“ Durante estas últimas semanas, últimos días, estivemos facendo política, e iso supón chegar a acordos en favor da cidadanía, neste caso dos fisterráns e fisterrás. Chegar a acordos cando o Goberno se encontra en minoría é moi complicado; o cal tamén redundaría no prexuízo de facer cantas máis cousas mellor.

Hoxe asinamos un acordo programático con Alternativa dos Veciños que era a condición que nós propoñíamos para que a Sra. Alcaldesa puidese ter a dedicación exclusiva coa fin de dedicarse a este traballo.

Marcamos unhas liñas de traballo para esta lexislatura e para iso necesita o 95% ou 110% porque hai moito traballo que facer. O que si non imos aprobar é o carácter retroactivo, non por nada, simplemente por coherencia; é dicir, nós dixemos que cando tiveramos un acordo íamos aprobar a dedicación. Hoxe temos ese acordo e a partir de hoxe esa dedicación é necesaria e imos aprobala.”

Intervén o Sr. Xan Carlos Sar do grupo BNG:

“ Nós, respecto a isto, ímonos manter no que dixemos desde a 1ª vez, estamos de acordo en que toda persoa que traballa ten dereito a cobrar. Nós tamén fixemos política nestas últimas semanas e esperamos unha resposta vosa á nosa pregunta.

Alégrome de que saia adiante a dedicación por ti, pola túa familia, e tamén polo Pleno para que marche con máis delicadeza do que marchou ultimamente.”

Intervén a Sra. Alcaldesa:





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

“ Ante estas intervencións e dado que non obteño os apoios necesarios para conseguir o carácter retroactivo do salario, manifestar que levo traballando 4 meses moi duramente. Calquera persoa pode entender perfectamente que é necesario cobrar.

Vou reformular o punto e solicito que o pago do salario sexa entón desde o día de hoxe porque entendo que non vou contar cos apoios suficientes, o traballo está garantido porque así o levo facendo cando nada se me recoñecía”.

**Entón unha vez reformulado o punto e anulado o carácter retroactivo do mesmo, procédese á votación, entendendo que o cobro do salario é desde o día de hoxe.**

Votos a favor: 3 de Alternativa dos Veciños, 1 BNG, 2 PSdG

Abstencións: 5 do Grupo Partido Popular.

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 19:26 horas, do que, como secretario , dou fe.